

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES NA ESO

PRIMEIRO ESO

Para ser avaliado positivamente neste curso o alumno deberá :

- Comprender informacións específicas simples
- Producir mensaxes orais según modelo
- Comprender e dar información persoal
- Saber falar sobre si mesmo e sobre a súa familia
- Distinguir sonidos
- Facer e responder preguntas simples
- Participar en intercambios lingüísticos. Participar en “role-plays”
- Saber facer unha descrición
- Extraer información específica dun texto escrito
- Saber traducir frases sinxelas
- Coñecer e saber utilizar as distintas formas de **be** e **have got**
- Coñecer a formación e os distintos usos dos seguintes tempos verbais: presente simple, presente continuo, pasado simple, imperativo, **going to**
- Saber expresar posesión
- Identificar e utilizar correctamente os seguintes conceptos gramaticais: pronomes persoais, demostrativos, adxectivos posesivos, adverbios de frecuencia
- Diferenciar os nomes contables e incontables sabendo de que palabras soen ir acompañados(**some, any, there is/ there are...**)
- Distinguir os casos nos que é necesario o uso do artigo determinado
- Saber formar o plural dos substantivos (regulares e irregulares)
- Utilizar correctamente os verbos **can, must , mustn't**
- Saber expresar preferencias, planos futuros e intencións, suxerencias, permiso, instrucións, habilidades
- Dominar o vocabulario que aparece nas unidades do libro de texto
- Coñecer datos e falar sobre distintos aspectos culturais do Reino Unido
- Redactar textos sinxelos

SEGUNDO ESO

Ao finalizar este ciclo, o alumno deberá , ademais de dominar os contidos de 1º ESO, :

- Ter competencia nos seguintes tempos verbais: presente simple, presente continuo, pasado simple, pasado continuo, futuro (**will, going to** , presente continuo), 'present perfect'
- Dominar , en maior ou menor medida, os seguintes conceptos de gramática: adverbios de frecuencia, preposicións de tempo e lugar, verbos modais, graos do adxectivo, cuantificadores, substantivos contables e incontables, pronomes e adxectivos posesivos, demostrativos,...
- Coñecer e distinguir os verbos regulares e irregulares
- Saber expresar ordes, suxerencias, peticións, ofrecementos, obriga, ausencia de obriga, permiso
- Coñecer o significado e uso de expresións como: **ago, ever, never**
- Dominar o vocabulario co que se traballou ao longo do curso
- Coñecer e distinguir os sonidos traballados na clase
- Captar información global e específica en textos escritos e orais
- Redactar textos diferentes seguindo un modelo: descrições, biografías, reseñas,narración, correo electrónico...

TERCEIRO ESO

Para ser avaliado positivamente o alumno deberá demostrar que adquiriu as seguintes destrezas:

- Utilizar correctamente as formas de **be** e **have got**
- Saber utilizar correctamente os seguintes tempos verbais: *present simple/ continuous, past simple/continuous, future , present perfect, imperative.*
- Expressar hábitos e rutinas
- Falar de planos futuros e predicións
- Expressar probabilidade, posibilidade, permiso e promesas
- Expressar número e cantidade
- Dar opinións
- Falar de obriga e ausencia da mesma
- Dominar en maior ou menor medida os seguintes conceptos gramaticais: preposicións de lugar e movemento, e tempo; pronomes indefinidos, cuantificadores, xerundios, graos do adxectivo, a voz pasiva en presente e pasado, adverbios de frecuencia, conectores, verbos modais
- Palabras utilizadas co pasado simple e o *present perfect*: **ago, for,since,just,ever,never**

- *First conditional*
- Vocabulario relacionado cos temas das unidades
- Comprender información global e específica de distintos textos
- Redactar diferentes tipos de texto: unha reseña,descrición dun suceso,un correo electrónico, un informe, unha carta...

CUARTO ESO

Para ser avaliado positivamente neste curso, o alumno deberá demostrar que adquiriu as seguintes destrezas:

- Saber utilizar correctamente os seguintes tempos verbais: *present simple/continuous, past simple/continuous, future,present perfect simple,past perfect*
- Distinguir sons vocálicos e consonánticos
- Facer descrições
- Expresar gustos e preferencias
- Pedir permiso, consello, facer peticións ; expresar permiso e prohibición
- Coñecer e dominar en maior ou menor medida os seguintes conceptos gramaticais: *Wh-questions*, preguntas en forma negativa, infinitivo de finalidade, verbos modais, oracións condicionais de 1º e 2º tipo, oracións de relativo, adverbios de modo, estilo indirecto, voz pasiva, **used to, would+like/love....., for e since,...**
- Vocabulario relacionado cos temas das unidades
- Comprender información global e específica de distintos textos
- Saber utilizar elementos que dean cohesión e coherencia a un texto
- Redactar diferentes tipos de texto: narrativo, de opinión, descriptivo,unha reseña,un correo electrónico...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ESO

O curso considerarase en forma de avaliación continua e formativa .Para comprobar o grao de desenvolvemento dos obxectivos e o grao de adquisición das competencias básicas, establécense os seguintes criterios de avaliación:

Primeiro Eso

1. Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, sobre asuntos cotiáns, pronunciados amodo e con claridade.

2. Comunicarse oralmente participando en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, utilizando as estratexias adecuadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensíbel e adecuado á intención da comunicación.
3. Recoñecer a idea xeral e extraer información específica de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.
4. Redactar textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuados, así como algúns elementos básicos de cohesión, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.
5. Utilizar o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias e para comprender mellor as alleas.
6. Identificar, utilizar e poñer exemplos dalgunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.
7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais, mostrando interese polo seu uso.
8. Identificar algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.

Segundo Eso

1. Comprender a idea xeral e informacións específicas de textos orais emitidos por un interlocutor, ou procedentes de distintos medios de comunicación, sobre temas coñecidos.
2. Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia adecuada para lograr a comunicación.
3. Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, adaptados e auténticos, de extensión variada, e adecuados á idade, demostrando a comprensión a través dunha actividade específica.
4. Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, utilizando estruturas, conectores sinxelos e léxico adecuados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación para que lle sexan comprensíbeis ao lector e presenten unha corrección aceptábel.
5. Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.

6. Identificar, utilizar e explicar oralmente algunhas estratexias básicas utilizadas para progresar na aprendizaxe.
7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relacións persoais mostrando interese polo seu uso.
8. Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e mostrar interese por coñecelos.

Terceiro Eso

1. Comprender a información xeral e a específica, a idea principal e algúns detalles relevantes de textos orais sobre temas concretos e coñecidos, e de mensaxes sinxelas emitidas con claridade por medios audiovisuais.
2. Participar en conversacións e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversos fins comunicativos, utilizando as convencións propias da conversación e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción.
3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada, diferenciando feitos e opinións e identificando no seu caso, a intención comunicativa do autor.
4. Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e de coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensíbeis ao lector.
5. Utilizar de forma consciente en contextos de comunicación variados, os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender mellor as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar oralmente diferentes estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.
7. Usar as tecnoloxías da información e da comunicación de forma progresivamente autónoma para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico, e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso.
8. Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, sinalar as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda, e mostrar unha valoración positiva de patróns culturais distintos aos propios.

Cuarto Eso

1. Comprender a información xeral e específica, a idea principal e os detalles máis relevantes de textos orais emitidos en situacións de comunicación interpersonal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
2. Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensíbel e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.
3. Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados, e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor.
4. Redactar con certa autonomía textos diversos cunha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensíbeis para o lector.
5. Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar estratexias de aprendizaxe utilizadas, poñer exemplos doutras posíbeis e decidir sobre as máis adecuadas ao obxectivo de aprendizaxe.
7. Usar as tecnoloxías da información e da comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso.
8. Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre as características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e a propia e mostrar respecto cara a este.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA ESO

É obxectivo principal da avaliación, verificar en que medida o alumno/a é capaz de utilizar a lingua aprendida en situacións de comunicación reais ou simuladas.

Trátase de valorar as capacidades de comprensión e expresión oral e escrita que aparecen nos obxectivos xerais da área.

A avaliación inclúe aspectos de valoración do nivel de coñecemento, traballo e evolución na que participarán os alumnos/as e os profesores.

Avaliarase ao alumno/a de forma individualizada atendendo aos coñecementos previos, e á progresión na adquisición dos contidos.

AVALIACIÓN INICIAL

Considérase indispensable para saber de onde partir e establecer o plan de traballo axeitado.

AVALIACIÓN FORMATIVA, SUMATIVA E CONTINUA

Realízase a través da observación directa da fluidez e corrección na transmisión de mensaxes por parte do alumno/a na aula, a través de probas: tests, conversas, comentarios...

AUTOAVALIACIÓN

O alumno/a ha de ser responsable do seu aprendizaxe e reflexionar acerca do seu propio progreso. Coa autocorrección o alumno faise consciente dos seus propios fallos e aplica as correccións necesarias.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

Para avaliar o proceso de aprendizaxe teranse en conta:

- se as actividades son as adecuadas para lograr os obxectivos.
- se estas están adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos.
- se se tiveron en conta os seus coñecementos previos.
- o clima da clase.
- en que medida se tiveron en conta os temas transversais.
- a organización do espazo e planificación do tempo.
- a xestión e organización da clase.

O alumno/a será avaliado aplicando os seguintes procedementos:

- Observación directa na aula. (Terase en conta o interese, a colaboración, o comportamento, o hábito de traballo, e a actitude con respecto á materia, aos compañeiros e aos profesores.)
- Libreta. (Poderá ser recollida en calquera momento para comprobar se o alumno realizou as actividades, con orde e limpeza.)
- Probas orais. (Valorarase a corrección na expresión, a claridade na entoación, e o esforzo por transmitir mensaxes comprensibles e evolucionar.)
- Probas escritas. (Realízanse varias probas escritas por avaliación, coa posibilidade de facer unha de final de curso. Poderán ser tests, traballos, redaccións, etc.)

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA ESO

- Probas escritas: Proba 1: *'listening, speaking(dialogues), reading, writing'*.
Proba 2: gramática, vocabulario, tradución.
- Probas orais: probas específicas e / ou actividades orais de aula.
- Traballos: redaccións, exposicións.
- 'Reader': control e / ou traballo sobre a lectura.
- Libreta: ben presentada. Incluirá o seu propio dicionario de termos novos.
- Actitude

Realizaranse dúas probas escritas por avaliación. Para puntuar o apartado de actitude teranse en conta os seguintes aspectos: libreta, tarefas na aula e na casa, entrega puntual de traballos(con boa presentación), interese e participación, bo comportamento.

Para puntuar a expresión oral , ademáis das probas específicas , valorarase o uso do inglés na aula.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ESO

O alumno será avaliado tendo en conta as probas escritas, as probas orais , os traballos entregados, as chamadas de clase, as tarefas realizadas, e a actitude.

Terán que entregar polo menos dúas redaccións por avaliación. Lerán un libro adaptado ao seu nivel. Plantéxase a realización de traballos por parte dos alumnos en Power Point, que logo terán que expoñer en inglés. Os traballos versarán sobre distintos temas. Se hai dispoñibilidade ,farase uso da aula de Informática para realizar traballos buscando información en medios auténticos.

A cualificación final do alumno obterase do resultado obtido nos distintos apartados de cualificación, aos que se lle aplica unha porcentaxe.

Porcentaxes das distintas probas:

-Exames escritos : 60%

-Probas orais: 10%

-‘Reader’ : 10%

-Writings : 10%

-Actitude : 10%

Para superar as probas que se realicen o alumno deberá obter 5 puntos sobre un total de 10.

Non se considerará aprobada a avaliación se o alumno/a non alcanza o 25% nalgunha das partes.

Aínda que se trata dunha materia con contidos progresivos , o feito de aprobar a 3ª avaliación non implica aprobar o curso. O alumno/ debe ser constante no seu traballo. Terase, pois , en conta o seu esforzo e evolución ao longo do curso.

Convocatoria extraordinaria de setembro

A proba extraordinaria de setembro cualificarase do seguinte xeito:

-proba escrita (reading, writing, listening, speaking, vocabulary , grammar e libro de lectura): 90%

-actitude e interese (tarefas realizadas no verán , entregadas correctamente): ata un 10%

CONTIDOS MÍNIMOS EN 4º PDC

Para ser avaliado positivamente o alumno deberá demostrar que adquiriu as seguintes destrezas:

- Saber expresar a hora.
- Saber escribir e dicir os números e as datas.
- Saber os días da semana e os meses.
- Utilizar correctamente as formas de **be** e **have got**
- Saber utilizar correctamente os seguintes tempos verbais: *present simple/ continuous, past simple/continuous, future , present perfect, imperative. First conditional.*
- Expresar hábitos e rutinas . Dar opinións.
- Falar de planos futuros e predicións
- Expresar probabilidade, posibilidade, permiso e promesas
- Expresar número e cantidade
- Falar de obriga e ausencia da mesma
- Dominar en maior ou menor medida os seguintes conceptos gramaticais: preposicións de lugar e movemento, e tempo; pronomes indefinidos, cuantificadores, xerundios, graos do adxectivo, a voz pasiva en presente e pasado, adverbios de frecuencia, conectores, verbos modais
- Palabras utilizadas co pasado simple e o *present perfect*: **ago, for,since,just,ever,never**
- Vocabulario relacionado cos temas das unidades
- Comprender información global e específica de distintos textos
- Redactar diferentes tipos de texto:descrición dun día normal na súa vida, descrición dunha persoa, unha reseña, descrición dun suceso, descrición dunha foto, dun deporte ou dun lugar, un correo electrónico, un informe, unha carta...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN PDC

1. Comprender a información xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais.
2. Participar en conversacións e simulacións breves cos compañeiros/as sobre como pedir comida e como facer suxestións, utilizando as convencións propias da conversación e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción.

3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes duns textos escritos: un artigo sobre a importancia do almorzo, un póster con datos sorprendentes acerca dos alimentos e a carta dun restaurante.
4. Redactar de forma guiada unha crítica dun restaurante, coidando o léxico, as estruturas e a orde dos elementos na frase.
5. Utilizar de forma consciente en contextos de comunicación variados, os coñecementos adquiridos sobre a pronuncia de determinados sons vocálicos e o uso dos cuantificadores como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas, e para comprender as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar oralmente diferentes estratexias empregadas para progresar na aprendizaxe tales como a capacidade de valorar o seu progreso, a reflexión sobre como aprende un mesmo, a aceptación do erro, a utilización de técnicas para aprender e memorizar o vocabulario e o uso de apéndices gramaticais e de escritura, etc.
7. Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira no referente aos hábitos alimentarios, mostrando unha valoración positiva dos patróns culturais distintos aos propios.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN EN PDC

O proceso de avaliación será continuo e integrador, de forma que nos proporcione información permanente para actuar segundo as necesidades de cada alumno.

Para conseguir unha aprendizaxe significativa nos alumnos deberanse cumprir estes principios:

- Avaliación inicial (para coñecer o punto de partida de cada alumno/a)
- Avaliación formativa (realizarase ao longo do proceso de aprendizaxe)
- Avaliación sumativa(a final de avaliación e de curso, empregando toda a información recollida no proceso)

O alumno/a será avaliado aplicando os seguintes procedementos:

- Observación directa na aula.(Terase en conta o interese, a colaboración, o comportamento, o hábito de traballo, e a actitude con respecto á materia, aos compañeiros e aos profesores.)
- Libreta. (Poderá ser recollida en calquera momento para comprobar se o alumno realizou as actividades , con orde e limpeza.)
- Probas orais. (Valorarase a corrección na expresión , a claridade na entoación, e o esforzo por transmitir mensaxes comprensibles e evolucionar.)
- Probas escritas. (Realizaranse varias probas escritas por avaliación , coa posibilidade de facer unha de final de curso. Poderán ser tests, traballos, redaccións, etc.)

As competencias avaliaranse a través dos criterios de avaliación .

Cada vez que se dea por alcanzado un obxectivo as sucesivas probas de avaliación incluírán contidos xa superados previamente para garantir a revisión e o reforzo de todo o abarcado e evitar así que eses contidos mínimos se olviden.

Para superar as probas que se realicen o alumno deberá obter 5 puntos sobre un total de 10.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN PDC

- Probas escritas: gramática, vocabulario, funcións lingüísticas, tradución e as destrezas de *'listening, speaking, reading, writing'*.
- Probas orais: probas específicas e / ou actividades orais de aula.
- Traballos: redaccións,...
- Libreta : ben presentada
- Actitude

Realizaranse dúas probas escritas por avaliación. Para puntuar o apartado de actitude teranse en conta os seguintes aspectos: libreta, tarefas na aula e na casa, entrega puntual de traballos(con boa presentación), interese e participación, bo comportamento.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN PDC

A cualificación final do/a alumno/a obterase do resultado obtido nos distintos apartados de cualificación, aos que se lles aplica unhas porcentaxes:

-Porcentaxes das distintas probas:

-Probas escritas:..... 80%

-‘Speaking’ : 10%

-Actitude : 10%

O/A alumno/a será avaliado/a tendo en conta as probas escritas, as probas orais , os traballos entregados, as chamadas de clase, as tarefas realizadas, e a actitude. Para superar as probas que se realicen deberá obter 5 puntos sobre un total de 10. Non se considerará aprobada a avaliación se o alumno/a non acada un 25% nalgunha das partes.

Posto que se trata dunha materia con contidos progresivos,e tendo en conta que se trata dun grupo de diversificación , na cualificación final do curso terá moito peso a evolución e o esforzo do/da alumno/a ao longo do curso .

Convocatoria extraordinaria de setembro

A proba extraordinaria de setembro cualificarase do seguinte xeito:

-proba escrita (reading, writing, listening, speaking, vocabulary , grammar e libro de lectura): 90%

-actitude e interese (tarefas realizadas no verán , entregadas correctamente): ata un 10%